

As formas en -ra e -se na obra poética galega de Rosalía

Xosé Xove

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XOVE, XOSÉ (2012 [1986]). “As formas en -ra e -se na obra poética galega de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 133-149. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2222>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XOVE, XOSÉ (1986). “As formas en -ra e -se na obra poética galega de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 133-149.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

AS FORMAS EN -RA E -SE NA OBRA POÉTICA GALEGA DE ROSALÍA

X. XOVE

Universidade de Santiago

1.1. Na obra poética de Rosalía, particularmente nos *Cantares Gallegos*, chama a atención a grande frecuencia con que topamos coas formas verbais acabadas en -RA para a expresión da 'irrealidade', sobre todo no Indicativo. Como en certo modo partimos xa dunha conclusión, no que vai seguir ocuparémonos de analizar polo miúdo a distribución entre esta e outras formas verbais que tamén expresan 'irrealidade', tanto no Indicativo coma no Subxuntivo. Trátase, por tanto, dun exame global da expresión da 'irrealidade', entendido como unha aportación á caracterización da lingua de Rosalía, sen perdermos de vista as posibles diferenzas existentes entre *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*.

1.2. Como é sabido, a forma en -RA expresa en galego tamén os significados non irrealis de anterioridade no Plano Inactual do Indicativo (dito de maneira máis inexacta, pero suficiente para os presentes efectos: anterioridade respecto dunha referencia pasada) e o de pasado no Subxuntivo, se ben neste modo, e no galego estándar, en alternancia con -SE. Como xa queda dito, deixaremos á marxe estes significados e só nos centramos nos de irrealidade. Nesta modalidade, os significados temporais non se expresan mediante formas diferenciadas nin no Indicativo nin no Subxuntivo. Úsanse as mesmas formas para indicar significados pasados e non pasados.

1.2.1. Para a expresión da irrealidade no Indicativo, o galego actual mostra preferencia polo Pospretérito (*andaría*) e polo Copretérito (*andaba*); o Antepretérito (*andara*) ocupa un lugar secundario en relación con estas outras formas. O uso destas tres posibilidades básicas non está rixidamente determinado, mais tampouco é enteiramente libre. Hai diferenzas segundo a variedade de lingua, hai preferencias contextuais de acordo co tipo de construción, tipo de verbo, significado temporal, e hai aínda certa variación de sentido en dependencia da forma verbal escollida.

Na obra poética de Rosalía é claro o predomínio do Antepretérito (máis dun 85% en cada unha das obras) en relación co Pospretérito e Copretérito; desta última forma non recolleemos máis ca un só exemplo irreal en toda a súa obra.

Unha confrontación coa distribución destas tres formas verbais en diversos rexistros lingüísticos e no galego actual permitirá situar mellor os datos anteriores. No galego falado a presenza do Antepretérito irreal é moi cativa; o Copretérito é con moi-

to a forma máis empregada, seguida do Pospretérito (1). Esta última forma, xunto co Copretérito, predomina en cambio na lingua escrita en prosa. A presenza do Antepretérito é en xeral tamén baixa neste rexistro, coma na lingua falada. A porcentaxe do Antepretérito con significado irreal non chega ó 13% na obra narrativa galega de Cunqueiro (2), e valores similares atopamos en *A tecedeira de Bonaval*, 1894, e en *O niño de pombas*, 1905, do compostelán A. López Ferreiro, un escritor nacido na mesma área xeográfica e nos mesmos anos ca Rosalía (3).

Pero na poesía é o Antepretérito o que destaca en frecuencia de uso por enriba do Pospretérito e do Copretérito. Así nolo fan ver obras poéticas publicadas pola mesma época cás de Rosalía. En *Saudades gallegas*, 1880, de V. Lamas Carvajal, hai 22 ocorrencias do Antepretérito irreal, por 6 do Pospretérito e 1 do Copretérito. *Queixumes dos pinos*, 1886, de E. Pondal, presenta unicamente 6 exemplos de formas verbais irrealis de Indicativo, todas no Antepretérito. Tamén en *Aires da miña terra*, 1886³, de M. Curros Enríquez, hai predominio do Antepretérito: 26 casos desta forma, 9 do Pospretérito e 2 do Copretérito.

E dicir, cando menos pola época en que escribe Rosalía, o Antepretérito tende a ser unha forma típica e case exclusiva do rexistro poético. Entre o Copretérito, Pospretérito e Antepretérito hai unha evidente gradación no material que estudiamos: na fala (actual) destaca a frecuencia do Copretérito (e en menor escala a do Pospretérito), na prosa (cunqueiriana --actual-- e de López Ferreiro --fins do XIX)-- sobresa e o uso do Pospretérito e do Copretérito, e na poesía (da época en que escribe Rosalía) é o Antepretérito quen domina, seguido do Pospretérito, que ten moitísima menor frecuencia.

No *Cancioneiro popular gallego* recollido por J. Pérez Ballesteros e publicado en 1885-86 dáse unha situación mixta curiosa que ó noso parecer apoia a presentación anterior. As formas maioritarias son o Antepretérito (48,1%) e o Copretérito (43,6%); o Pospretérito ten escasa aparición: só o 8,2%. Aínda que a presenza do Antepretérito obedece non só a seren textos poéticos os recopilados, senón tamén a seren textos poéticos populares en que o paralelismo -RA / -RA xoga un grande papel, e máis tamén a reproduciren con frecuencia estadios lingüísticos moi anteriores ós da recollida dos textos, o abundante uso do Copretérito e o escaso do Pospretérito ha de deber-

(1) Valémonos das transcripcions do material grabado por toda Galicia para o Atlas Lingüístico de Galicia (ALGA), que suman 245 folios, e das transcripcions das grabacions correspondentes á provincia da Coruña reunidas e arquivadas no Instituto da Lingua Galega (ILGA), que fan un total de 389 folios. Nas primeiras recolleemos, para toda Galicia, 82 exemplos de Copretérito irreal, 24 de Pospretérito e 6 de Apto. Nas segundas, 97, 18 e 2 respectivamente.

(2) Hai 26 exemplos do APTO, 40 do CPTO (19,9%) e 135 do PPTO (67,1%). Vid. X. Xove, "Sobre a lingua de Cunqueiro. O sistema verbal", en *Homenaje a A. Cunqueiro*, Univ. de Santiago, 1982. aparts. 6.1. e 6.2.

(3) En *A tecedeira de Bonaval* amoreamos 10 casos de Antepretérito, 47 de Pospretérito e 62 de Copretérito, porcentualmente 8,4%, 39,4% e 52,1%. *O niño de pombas* presenta 5 mostras do Antepretérito (15,1%), 19 do Pospretérito (57,2%) e 9 do Copretérito (27,2%).

se, parécenos, ó seu carácter de cántigas populares, de producións orais. Sobre outros aspectos relacionados con este carácter remitímos ó apartado 3.3.

Podemos concluír, por tanto, que Rosalía non se aparta no seu uso maioritario e case exclusivo do Antepretérito do que é típico da lingua poética do seu tempo, que, polo demais, ela mesma contribuíu a deliñar. O predominio do Antepretérito na súa poesía é unha característica dos textos poéticos, non unha peculiaridade exclusiva da súa lingua.

1.2.2. No Subxuntivo a irrealidade exprésase polas mesmas formas en -RA e -SE que tamén significan pasado no Subxuntivo non irreal. Sen entrar en máis precisións polo de agora, pode afirmarse de maneira xeral que a alternancia destas formas en -RA e -SE non se practica co mesmo grao en tódalas variedades dialectais do galego e que as súas respectivas proporcións varían tamén segundo se usen ou non con significado irreal.

Rosalía, que escribe nun galego que cremos basicamente da zona de Padrón-Compostela, válese con máis frecuencia da forma en -RA: 75% en *Cantares*, 60,6% en *Follas*. Co significado irreal mantéñense aproximadamente os mesmos valores relativos cós globais (78,3% en *Cantares*, 60,9% en *Follas*), debido a que o escaso número de exemplos de -RA e -SE con significado subxuntivo no irreal non incide sobre os valores globais en *Cantares*, e a que en *Follas* -RA e -SE distribúense frecuentemente nas mesmas proporcións tanto con significado irreal coma non irreal.

CADRO I

| CANTARES | | | FOLLAS | |
|----------|------------|------------|------------|------------|
| | IRREAL | NON IRREAL | IRREAL | NON IRREAL |
| -RA | 47 (78,3%) | 4 (50%) | 25 (60,9%) | 12 (60%) |
| -SE | 13 (21,6%) | 4 (50%) | 16 (39%) | 8 (40%) |
| TOTAL | 60 (99,9%) | 8 (100%) | 41 (99,9%) | 20 (100%) |

Segundo os datos de que dispoñemos, a frecuencia relativa de -RA e -SE depende basicamente de se existe ou non significado irreal. En presenza deste, a proporción de -RA sobe enormemente e de xeito regular. Das grabacións feitas en toda Galicia para o ALGA tiramos un total de 93 exemplos de Subxuntivo irreal: o 92,3% deles (85 casos) corresponde á forma en -RA. O escaso número de ocorrencia de -SE irreal (7 en total) aparece distribuído polas distintas áreas xeográficas. E dicir, as porcentaxes non sofren modificacións en relación coas variedades dialectais. Os datos que for-

necen as grabacións do ILGA da provincia da Coruña son aínda máis contundentes: 112 casos de -RA irreal e só un de -SE irreal.

Tamén nos autores en prosa do XIX da mesma zona de Compostela ca Rosalía vai en xeral por diante a forma en -RA irreal, pese a dominar completamente a forma en -SE co significado non irreal. Nos textos que F. Mirás inclúe no seu *Compendio de Gramática gallega-castellana*, 1864, hai 20 mostras do tipo -RA irreal e só 6 de -SE. En *A tecedeira de Bonaval*, 1894, de López Ferreiro, son 92 e 43 respectivamente, e 28 e 20, tamén respectivamente, no seu *O niño de pombas*, 1905. Só *Majina, ou a filla espúrea*, 1880, de M. Valladares ofrece unha situación ó 50%: 15 exemplos de -RA irreal e outros tantos de -SE irreal.

Se nos volvemos a obras poéticas publicadas nos anos 80 do pasado século, é dicir, do mesmo rexistro literario e da mesma época aproximadamente cás de Rosalía, topamos tamén cunha situación semellante ás anteriormente descritas, con excepción das *Saudades gallegas*, 1880, de V. Lamas. Pero se nesta obra predomina -SE irreal (24 casos) sobre -RA irreal (14 casos), non así en *Aires da miña terra*, 1886³, doutro escritor tamén ourensán, M. Curros: 33 exemplos de -RA irreal por só 4 de -SE irreal. Tamén en *Queixumes dos pinos*, 1886, de E. Pondal, vai por diante a forma en -RA: 16 ocorrencias de -RA fronte a 1 só exemplo de -SE.

Rosalía usa nas súas obras galegas as formas irreais en -RA e -SE segundo esta tendencia xeral, como pode comprobarse no cadro 1 reproducido máis arriba. Con todo, chama a atención que en *Follas Novas* a porcentaxe, aínda sendo superior para a forma en -RA, se equilibre bastante en relación con *Cantares* e que as porcentaxes coincidan coas que estas formas teñen con significado non irreal. Deste aspecto ocupámonos con máis vagar nos apartados 4.1 e 4.4.

En todo o exposto anteriormente queda afirmado que en presenza de significado non irreal o uso da forma en -SE ascende considerablemente en relación con -RA. A frecuencia de aparición da forma en -SE con significado non irreal é importante na lingua falada. Das grabacións do ALGA tirámo-los seguintes resultados, que damos por provincias, conscientes e todo de seren pouco indicativos desde o punto de vista dialectal: Lugo, 13 casos de -RA non irreal e 14 de -SE; A Coruña, 23 e 19 respectivamente; Pontevedra, 21 e 15; Ourense, 8 e 4, tamén respectivamente. Nas grabacións do ILGA da provincia da Coruña hai unha presenza moito maior da forma en -RA: 179 mostras deste tipo por só 62 da forma en -SE. Pero a provincia non conforma de seu ningunha área dialectal e de acordo cos datos que ofrecen estas grabacións parécenos posible falar dunha zona suroccidental dentro da provincia da Coruña en que o uso de -SE é relativamente alto e dunha zona nordeste en que a forma en -SE vive unha existencia precaria. As comarcas de Compostela e Padrón, as que aquí nos interesan, caen polo tanto dentro da área que mantén vigorosa a forma en -SE non irreal. Esta apreciación aparece confirmada para o século XIX polos escritores composteláns. Nos textos escritos por F. Mirás para o seu *Compendio de Gramática gallega-castellana*, 1864, hai 40 ocorrencias de -SE non irreal por 23 da forma en -RA. En *Majina, ou a filla espúrea*, 1880, de M. Valladares, o número de exemplos recollidos é de 103 de -SE e 14 de -RA, e proporcións tan amplamente favorece-

doras da forma en -SE atopamos tamén en *A tecedeira de Bonaval*, 1894, (322 exemplos de -SE, 13 de -RA) e *O niño de pombas*, 1905 (128 e 10 casos, respectivamente), ambas de A. López Ferreiro.

Os datos das obras poéticas que consultamos, se ben cuantitativamente pequenos, son tamén favorables á forma en -SE non irreal. En *Saudades gallegas* hai 19 casos de -SE non irreal e 6 da forma en -RA. En *Queixumes dos pinos* recolleemos 4 mostras do tipo -SE e 2 do tipo -RA; en *Aires da miña terra*, 16 e 10 respectivamente. O xénero poético cremos que debe influír, pero pouco, nas porcentaxes respectivas das formas en -RA e -SE tanto no significado non irreal coma no irreal, contrariamente ó que vimos que acontece na escollla das formas irrealis de Indicativo.

O uso das formas en -RA e -SE non irrealis segue en xeral en Rosalía as tendencias descritas nas liñas precedentes (vid. cadro 1), con dúas salvedades. A frecuencia da forma en -SE non supera a de -RA, apartándose así relativamente do uso dos pro-sistas composteláns que citamos antes. Ademais, a frecuencia da forma en -RA medra unha miga en *Follas* con respecto a *Cantares*. A razón quizá deba procurarse en que Rosalía se vale dunha forma poética. Con todo, non debe perderse de vista que os exemplos de -RA e -SE non irrealis son moi escasos e por tanto pouco indicativos.

2. Co término "irreal", que viñemos usando se maiores precisións, referímonos de xeito xeral a significados ben emparentados, mais en realidade non coincidentes. Importa deseñalos, ben que nos seus ricos máis grosos, tamén porque imos botar man deles máis ou menos explicitamente nos próximos apartados.

2.1. En primeiro lugar, entendemos por forma irreal a usada para *crear ou expresar un mundo inexistente*, en contraste co que considerámo-la realidade. Esta forma verbal é en galego o Pretérito de Subxuntivo (*andara* ou *andase*).

2.2. En segundo lugar, entendemos por forma irreal a usada para a expresión de acontecementos que *teñen lugar nun mundo inexistente* e en contraste co que consideramos como real. Son acontecementos hipotéticos nun mundo imaxinario e suposto que esixen como creado. As formas usadas son as do Plano Inactual de Indicativo (*andaba*, *andara*, *andaría*) ou as do Pretérito de Subxuntivo (*andara*, *andase*). Indicativo e Subxuntivo aparecen segundo as regras xerais de oposición e distribución destes modos. Á situación que negue a tida por existente podemos transportarnos mediante unha forma verbal (o Pretérito de Subxuntivo, como queda dito no apartado anterior), mais tamén mediante outros diversos procedementos e de maneira máis ou menos explícita.

O seguinte exemplo de *Cantares* ilustra ben o que levamos dito:

“ ¡Ay quen *fora* paxariño
De leves alas lixeiras!
¡Ay con que prisa *voara*
Toliña de tan contenta,
Para cantar á alborada

Nos campos da miña terra!
 Agora mesmo *partira*,
Partira com'unha frecha,
 Sin medo as sombras da noite,
 Sin medo da noite negra.
 E que *chovera* ou *ventara*,
 E que *ventara* ou *chovera*,
Voaria, e *voaria*
 Hastra qu'*alcan[sa]se* á vela.
 Pero non son paxariño
 E irey morrendo de pena,
 Xá en lágrimas convertida,
 Xá en suspiros desfeita." (4)

A creación da irrealidade está feita por "¡quen *fora* paxariño!" (cfr. v. 77: "Pero non son paxariño", que é a negación explícita contida implicitamente en *fora*, que ademais crea o "suposto de ser paxaro"). Tódolos demais acontecementos teñen lugar nese mundo irreal, nese "suposto, contrario á realidade, de ser paxariño", e veñen expresados polo Indicativo ou polo Subxuntivo segundo as regras de uso destes modos. Ó tempo, dentro do Indicativo atoparémola presenza dunha forma do Plano Inactual (Rosalia escolleu o APTO *-voara, partira-* e o PPTO *-voaria-*) e dentro do Subxuntivo a forma en *-RA* ou en *-SE* (*chovera, ventara* por unha banda, *alcansase* pola outra).

2.3. Agrupamos tamén baixo a modalidade "irreal" os usos das mesmas formas citadas anteriormente en peticións, rogos e declaracións atenuadas, "cortesés", aínda sen seren propiamente irrealís ás veces. Referímonos a enunciados do tipo "¿*Podería* pararme na Praza de Galicia?", "*Debíamos* chamalo, paréceme a min", "*diría* que o home ten máis ben pouca paciencia". Tamén nestes casos o uso do modo Indicativo ou Subxuntivo segue as regras xerais de emprego dos modos verbais. E dicir, débese ó adverbio *quizás* que poidamos dicir "quizás *debíamos* chamalo" ou "quizás *debemos* chamalo". Como este mesmo exemplo pon de relevo, diante dun enunciado

(4) *Cantares*, 17, pp. 89-90, v. 63-80. Os números dos versos son sempre os da poesía a que pertencen. En *Cantares* dámo-lo número do poema; en *Follas* o libro do que procede e o seu título segundo o índice. Para *Cantares Gallegos* manexámo-la segunda edición, corrixida e aumentada pola autora (Carlos Bailly-Baillière, Madrid, 1872); para *Follas Novas* a primeira (Biblioteca de 'La Propaganda Literaria', La Habana, 1880; reprodución facsimile da Real Academia Galega, A Coruña, 1982). Nesta edición hai un poema repetido nas pp. 13 e 131 e á súa vez falta o poema que debería estar na p. 13, mais estes erros non afectan a recollida das formas verbais que aquí se estudian, xa que neles non aparece ningunha. Non incluímos no noso estudio un par de poesías que se incluíron con posterioridade en cada unha das obras. Polo demais, hai problemas textuais que se inciden sobre formas que aquí se estudian. Unha delas concerne á palabra *alcansase* que aparece no v. 76 do anaco citado: o verso existe unha sílaba máis e o sentido pide PTO SUB, de xeito que nos parece xustificada a forma *alcansase* que vemos noutras edicións; tamén encontramos atinado *cimbréase* en lugar de *cimbrase* en *Cantares*, 18, p. 94, v. 27, pero xa non vemos tan xustificada a substitución de *arrincares* por *arrincaras* en *Follas*, I. *Mais ve...*, p. 17, v. 10.

como "quizás *deberamos* chamalo" non podemos saber, en canto receptores e intérpretes, se *debera* é o APTO ou o PPTO de SUB. Casos de sincretismo deste tipo non son raros nas linguas, ora que en galego dentro da expresión da irrealidade fanse, por varios motivos, máis elevados. A interpretación atinada dunha forma é ás veces problemática, e non só no referente ó modo Indicativo ou Subxuntivo, senón tamén respecto de se é ou non irreal; mesmo a identificación da temporalidade resulta por veces dúbida (5).

3.1. *O APTO (undara) e demais formas irrealis do Indicativo.* En *Cantares Gallegos* recolleemos 112 ocorrencias de APTO, delas 71 irrealis (63,4%), por 12 de PPTO, todas irrealis. Como non atopamos Copretéritos irrealis (nin Presentes), a irrealidade no Indicativo aparece representada neste libro nun 85,5% dos casos polo APTO e polo PPTO nun 14,5%.

Os datos, mesmo absolutos, baixan notoriamente en *Follas Novas*, a pesar de que neste libro hai en total un 50% máis de formas modotemporais ca en *Cantares*. Temos recollidas 73 formas de APTO, 42 delas irrealis (57,5%), 11 de PPTO (5 irrealis, as demais son todas de probabilidade) e 1 exemplo de CPTO irreal (de 300 casos en total). Así pois, das 48 formas irrealis, un 87,5% lévao o APTO.

En resumo, a porcentaxe das formas irrealis de Indicativo respecto do total das formas verbais baixa considerablemente de *Cantares* a *Follas* (dun 3,5% en *Cantares*, 83 exemplos en total, a un 1,3% en *Follas*, 48 exemplos). Un descenso proporcionalmente semellante dáse tamén, dunha á outra obra, na irrealidade do Subxuntivo: dun 2,55% (60 casos) en *Cantares* ó 1,16% (41 casos) en *Follas*. E dicir, globalmente a porcentaxe das formas irrealis sobre o total das formas verbais modotemporais pasa dun 6% en *Cantares* (143 exemplos) a un 2,5% en *Follas* (89 exemplos en total).

Por outra banda, esa diferenza de peso das formas irrealis nunha e noutra obra non repercute sobre a repartición interna de CPTO, PPTO e APTO para a expresión da irrealidade dentro do Indicativo, pois esta non presenta modificacións apreciables: práctica ausencia de CPTO e uso maioritario do APTO. Pasemos ó exame das construcións en que aparecen, comezando por esta última forma verbal.

3.1.1. Un dos tipos máis frecuentes, que chamaremos tipo I, é o de *se tivera, dera*. En *Cantares*, fóra dun exemplo de pasado (*Si á vernos, Marica, nantronte viñe-*

(5) Nin o espazo de que dispoñemos nin a finalidade do traballo permiten máis explicacións. Nun tratamento da irrealidade feito con máis vagar non deberán faltar referencias, por exemplo, ás súas relacións cos significados dos modos Indicativo e Subxuntivo, ás modalidades da oración e á correlación modal. Tampouco podemos entrar a caracterizalos Planos Actual e Inactual opostos dentro do modo Indicativo. Neste punto, a nosa interpretación achégase máis á orixinaria de Coseriu que non á de Pottier e Lamiquiz, ou aínda a outras, derivadas da daquel. Abonda con indicar, para os fins presentes, que ó Plano Actual corresponden en galego o Presente, Pretérito e Futuro (abreviadamente, PTE, PTO e FUT) e ó Inactual o Copretérito, Antepretérito e Pospretérito (CPTO, APTO, PPTO). Estes aspectos aparecen máis desenvolvidos nun traballo noso, de maiores proporcións e aínda inédito, sobre *O verbo galego actual. Descripción funcional das súas categorías*.

ras / (...) / *Ti riras, Marica, cal nunca te riches*, p. 187, vv. 1-3), os demais son todos non pasados: *S'elas calente miraran*, / (...) *Nin Toliña ... me ... chamaran*, / *Nin ti me fixeras dore*, 8, p. 53, vv. 41-44. En total hai 17 exemplos de APTO na apódose deste tipo I (o 23,9% do total de APTO irreal), 4 deles nos anacos das cántigas populares reproducidos por Rosalía. (Vid.: 3, p. 14, v. 21-24; 6, p. 33, v. 1-4 e 6, p. 41, v. 222-6: 11, p. 62, v. 55-7; 14, p. 77, v. 57-64; 19, p. 100; v. 35-6; 20, p. 106, v. 135-8; 24, p. 129, v. 119-22; 29, p. 176, v. 14-16).

Da construción *se tivese dera* hai un único exemplo. Sobre del, e sobre outro do tipo *se tiña dera*, volveremos logo. Por tanto, temos en total 19 ocorrencias de APTO na apódose dunha condicional encabezada por *se*.

En *Follas* a porcentaxe baixa á metade, pero dun total de 7,5 (o 11,9%) volven a ser do esquema *se tivera dera*. Dúas están en pasado: *Si á souperan (...) / (...) , contra min volvera / A corrente d'o río*, (II, *Ladraban...*, p. 43, v. 10-12; vid. tamén V, *Pois consolate...*, p. 262, v. 41-44). Con significado non pasado: *y o mar sin fondo / Enxoi-to n'un instante se quedara / S'él n'a onda amarga s'afogar* quiñera (III, *A disgracia*, p. 101, v. 43-45; vid. tamén: V, *O meu olido...*, p. 238, v. 1-4; V, *¿Porque?*, p. 258, v. 13-16).

Hai tamén unha mostra do tipo *se tivese dera*: *Cand'eu penso o que viran / (...) / S'este velo caise* (II, *Dios puxo...*, p. 59, v. 5-12), e outra de *se tiña dera* de moi dubidosa interpretación como irreal ou non (vid. IV, *San Lourenzo*, p. 207, v. 25-30).

3.1.2. Os exemplos do APTO en mundo irrealis creados mediante formas verbais de oracións non condicionais (tipo II, variante do anterior) son escasos en ambas a dúas obras (5 casos en *Cantares*, 3 en *Follas*) e cunha porcentaxe similar do 7%. En tódolos casos aparece na subordinada o APTO SUB -RA, de forma que volvemos a bater coa correlación -RA -RA. Un exemplo de *Cantares* reproducímoloo xa nos versos citados no apartado 2.2. (formas *voara, partira*); nesta obra hai dous exemplos pasados: *Qu'unque me deras martirio / (...) / Com'un año recibírao* (24, p. 127, v. 48-50; vid. tamén 18, p. 94, v. 12-14). Exemplo de *Follas*: *Non foras ti tan bonita / Naide envidia che tivera* (III, *N'hay peor meiga...*, p. 82, v. 29-30; vid. tamén: II, *Amigos vellos*, p. 63, v. 22-29; V, *Eu levo un-ha pena*, p. 231, v. 27-34).

3.1.3. Agrupamos xuntas no tipo III as oracións causais e adversativas. O esquema típico das primeiras é *non o ten, porque mo daría*, en que aparece como implícito "no suposto de telo". Existe, pois, a presentación da realidade en forma negativa, pero falta a creación explícita do mundo irreal, é dicir, a conversión desa negación en existencia suposta.

O esquema da construción adversativa está emparentado co anterior: *daríacho, mais non o teño*. É claro que estes tipos presentan variantes e combinacións que os tornan ás veces máis complexos; así, no esquema das adversativas é frecuente que a segunda parte non apareza en forma negativa, como no tipo *fariacho, mais teño que marchar*.

Exemplos do tipo causal atopamos 6 en *Cantares* (2 pasados) e 5 en *Follas*. *Can-*

tares, non pasado: *Pois nê motivo à despreço / Sintirse tan ben amada, / Qu'as mesmas pedras, señora, / D'un bon querer se folgaran.* (23, p. 122, v. 19-22; vid. tamén 6, p. 38, v. 121-124); pasado: *Y á máis á caridá non s'estendía, / Que fora un mal matarille outro deseo.* (25, p. 137, v. 99-100; tamén, 25, p. 140, v. 157-159). *Follas*: *Non irás, anque ben queiras; / Qu'ali á preguntarcho fora / Tu madre, e ali responderas.* (III, *N'hay peor...*, p. 83, v. 58-60; vid. tamén na mesma composición p. 85, v. 118-120, e aínda III, *Eu por vax...*, p. 108, v. 51-53, e III, *¡Valor! Qu'anqu'eres...*, p. 109, v. 14).

Do tipo adversativo recollemos 6 en *Cantares*: *Eu cha dera, miña xoya, / Con mil amores chá dera, / (...) / Mais jay, que noite ch'espera! / Qu'anque duas fontes teño, / Estas fontañas non deitan.* (20, p. 101, v. 5-16; tamén 4, p. 23, v. 57-60; 12, p. 69-70, v. 61-68; 20, p. 105, v. 107-114).

En total, pois, 12 exemplos do tipo III en *Cantares* e 5 en *Follas*, con proporcións non moi desmellantes: 16,9% e 11,9%. Hai, con todo, un maior peso relativo das causais en *Follas*, e das adversativas en *Cantares*; en *Follas* non hai exemplos destas últimas.

3.1.4. No tipo IV incluímo-los usos irrealis do APTO en que a creación do mundo irreal non se fai mediante unha forma verbal modotemporal, senón con formas non-modotemporais, con frases nominais, adverbios, etc. Ás veces o mundo irreal suposto non aparece máis que de maneira implícita, como presuposición. Este grupo, que inclúe construcións moi diferentes, está representado máis amplamente en *Follas* (19 ocorrencias, 10 en pasado; porcentualmente, 45,2%) do que en *Cantares* (24 casos, 9 en pasado; porcentualmente, o 33,8%).

Como construcións especiais dentro deste grupo destacamos, en primeiro lugar, as consecutivas, representadas por 8 exemplos en *Cantares* (3 en pasado; en total, o 11,2%) e ausentes de *Follas*. O esquema xeral da construción consecutiva é o seguinte: *ten tanto que me daría mesmo a min*, en que *me...mesmo a min* é o elemento que crea o suposto inexistente, irreal. Exemplo de pasado: *Todas tan bonitas eran, / Qu'o de mais duras entrañas / Der'as entrañas por elas..* (6, p. 38, v. 136-138; vid. tamén 25, p. 138, v. 123-125, e p. 141, v. 178-181); non pasado: *E tal medo me puñeches / Que xa d'aquí non sahira / Sin levar Santos-escritos* (3, p. 17, v. 103-105; tamén 25, p. 131, v. 3-4; 25, p. 143, v. 218-219; 27, p. 155, v. 55-58; 33, p. 204, v. 37-40).

En *Follas*, pola contra, teñen un peso importante as construcións de tipo exclamativo (5 casos, 4 pasados) e interrogativo (5 casos, 3 pasados), é dicir, un total de 10 exemplos (23,8%), a metade dos que nesta obra nos parecen caer neste tipo IV. En *Cantares* hai só 4 casos de exclamativas (5,6%). Exemplos de exclamativas de *Cantares*: - *¡Ay! que si non de min fora, / Miña filla, miña filla!* (3, p. 14, v. 25-26; outros exemplos: 1, p. 5, v. 85-88; 19, p. 99, v. 10, e p. 100, v. 19-20); *Follas*: *Faley con él... ¡ay! falára, / Mi madriña a vida inteira!* (III, *N'hay peor meiga...*, p. 84, v. 83-84; outros exemplos: II, *Porque miña almiña*, p. 46, v. 19-24; IV, *A probiña...*, p. 179, v. 143-144; IV, *O encanto...*, p. 194, v. 141-142; IV, *San Lourenzo*, p. 207, v. 35-36); exemplos de construcións interrogativas de *Follas*: *¿Que fora jou Dios!*

sin os asentes feros / D'os estómagos probes? / D'os corazóns d'o dia, / ¿Que fora sin as rabias, meu amore? (III, *Ti a feiteira...*, p. 139, v. 19-22; vid. tamén: I, *Un-ha vez tiben...*, p. 10, v. 14; IV, *O encanto...*, p. 194, v. 127-129; V, *Teño un niño...*, p. 250, v. 33).

Hai, por último, outro subtipo que, se ben non é moi frecuente nin en *Cantares* nin en *Follas*, é interesante polo esquema que presenta: *fágoo como o faría ela*. Exemplos deste tipo en *Cantares*: *Ti loitarás c'as nenas / Como ningun loitara*; (21, p. 110, v. 85-86; similares son 23, p. 122, v. 41-42, e aínda 14, p. 76, v. 29-32, e 3, p. 16, v. 91-92); en *Follas*: *¡Ay, cal teu pay sin tua nay morrera, / Ve que morro sin ti, Xaquín querido*. (V, *Teño un niño...*, p. 251, v. 59-60), *E sorreume como / M'o demo sorrira*. (V, *As Torres...*, p. 255, v. 65-66), *Tomba mellor qu'a qu'atopou n'achara / Sinon d'os seus antr'ò amoroso abrigo!* (III, *N'a tomba...*, p. 118, v. 121-122) (6).

3.1.5. O último grupo, tipo V, está constituído polas construcións con *quixera*, *dixérase*, *valera máis*, e semellantes, seguidos dunha oración completiva con *que* ou dun infinitivo. As porcentaxes non varían apreciablemente dunha obra á outra: en total o 15,4% en *Cantares* (11 exemplos, 6 de *quixera*) e o 19% en *Follas* (8 exemplos, 5 de *quixera*). Exemplos de *Cantares*: *As de Muros, tan finíñas, / Qu'un coidara que se creban*, (6, p. 34, v. 29-30), *Tras da calada visera / Qu'hay uns ollos feridores / Que nos miran*, se dixera. (32, p. 201, v. 196-198), *Qu'aínda mellor que Castilla, / Valera dicir inferno* (28, p. 161, v. 79-80), *Eu ben quixera, é verdade, / Que mais boniteiras foran, / Eu ben quixera que nelas / Bailase ó sol e as palomas*, (35, p. 213, v. 13-16; hai outro ex. na p. 214, v. 31-32 da mesma composición; para outros exemplos deste tipo V vid. 6, p. 38, v. 122; 20, p. 102, v. 38-39; 9, p. 52, v. 23; 24, p. 127, v. 62). Exemplos de *Follas*: *¡Rabiar no mais... dixera que mentides!* (III, *Ti a feiteira...*, p. 139, v. 15), *Onde ò marmular as fontes / Un coidara que se queixan*, (III, *Xigantescos olmos...*, p. 94, v. 23-24; vid. aínda III, *A Bandolinata*, p. 146, v. 33-34), *Vésme y eu non quixera / Me vises de tan alto* (II, *Lua descolorida*, p. 65, v. 3-4; tamén III, *N'hay peor meiga...*, p. 84, v. 76-77; III, *Era n'ó mes...*, p. 133, v. 19-20; V, *Dend'aquí vexo...*, p. 240, v. 4 e 18). Convén indicar aínda que non tódolos exemplos que poderían caer baixo este tipo V van neste apartado, pois, como xa dixemos, por veces hai combinación de construcións.

(6) Os restantes exemplos que incluímos dentro deste tipo IV son os seguintes: *Cantares*, 21, p. 113, v. 150; 23, p. 122, v. 30; 23, p. 123, v. 50; 31, p. 188, v. 14-15; 33, p. 204, v. 37-38. *Follas*, I, *Mais ve...*, p. 17, v. 9-10; II, *Rico ou probe...*, p. 27, v. 5-6; III, *¡Valor!...*, p. 109, v. 3-4; III, *A Bandolinata*, p. 147, v. 51-52; V, *Vivir para ver*, p. 233, v. 18; V, *Basta un-ha morte*, p. 252, v. 8-9.

CADRO 2

| | <i>Cantares</i> | <i>Follas</i> |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| Tipo I (a) <i>se tivera</i> , (b) <i>dera</i> | (a) 19 (26,7%) (b) 17 (23,9%) | (a) 7 (16,6%) (b) 5 (11,9%) |
| Tipo II | 5 (7,0%) | 3 (7,1%) |
| Tipo III | 12 (16,9%) | 5 (11,9%) |
| Tipo IV | 24 (33,8%) | 19 (45,2%) |
| Tipo V | 11 (15,4%) | 8 (19%) |
| TOTAL | 71 (99,9%) | 42 (99,8%) |

3.2. Como recapitulación e resumo do que levamos dito trataremos de destaca-los aspectos que nos parecen máis relevantes. En primeiro lugar, aínda que non hai diferencias de bulto entre *Cantares* e *Follas*, naquela predomina máis o tipo I e nesta última o tipo IV, especialmente o das exclamativas e interrogativas. Cremos posible poñer este feito en relación co diferente carácter de cada unha das obras. En *Cantares* a maior abundancia da estrutura *-RA -RA* podería deberse ó frecuente recurso de Rosalía ós paralelismos para recoller e mante-las características típicas da cántiga popular. En efecto, aproximadamente a metade dos APTO irrealis de *Cantares* están en correlación con outras formas en *-RA*, contadas as de Indicativo e Subxuntivo, irrealis e non irrealis; en *Follas* non pasan dun tercio. Á súa vez, o predominio das adversativas e consecutivas en *Cantares*, das exclamativas e interrogativas en *Follas*, podería explicarse polo tono máis persoal e subxectivo, non tan descriptivo, desta obra.

En segundo lugar, o uso do APTO irreal non aparece concentrado nunhas poucas construcións, tales o tipo I e V, que, sumadas, non son máis dun tercio en *Cantares* e un quinto en *Follas*. No galego actual son o PPTO e o CPTO, como xa se dixo, as formas irrealis de uso máis amplo; sobre diso, o APTO, cando aparece, atopámolo nos máis dos casos en construcións do tipo V, especialmente cos verbos modais *querer*, *poder*, *deber*. Así, cerca da metade dos usos irrealis do APTO que recolle-mos na obra narrativa de Cunqueiro son con este grupo de verbos. Volvendo a Rosalía, e fóra dos casos mencionados no tipo V (8,4% de *quixera* en *Cantares*, 11,9% en *Follas*), hai só un par de exemplos con *puñera* en *Cantares* (do tipo I) e un en *Follas*; o único verbo que aparece cunha certa frecuencia é *ser*, é dicir, *fora*, do que contamos 7 exemplos en *Cantares* (9,8%) e outros tantos en *Follas* (16,6%), curiosa-

mente bastante concentrados nas causais (tipo III). A variedade das obras de Rosalía é clara tamén se reparamos no que nos ofrecen as cántigas recopiladas por Ballesteros. No *Cancionero popular gallego* predomina lixeiramente o APTO irreal (64 casos, 48,1%) sobre o CPTO (58 casos, 43,6%) e ambas deixan moi atrás o PPTO (11 casos, 8,2%), mais o 81% dos exemplos do APTO son dos tipos I (42,1%) e V (39%). Ademais, non é sen interés a comparación con esta obra baixo outro aspecto: no apartado 1.2.1. deixamos xa escrito que Rosalía, ó lle dar preferencia ó APTO sobre o PPTO e CPTO, inscribíase dentro do usual na lingua poética do seu tempo. Pero é tamén posible poñer en estreita relación a preferencia de Rosalía polo APTO irreal coa alta frecuencia de aparición desta forma nas cántigas populares. E claro que isto se aplica sobre todo á súa primeira obra en galego, os *Cantares*.

3.3. O PPTO irreal, pese á súa cativa presenza (12 ocorrencias en *Cantares* 3 5 en *Follas*), aparece en conxunto en tódolos tipos básicos que establecemos para o APTO. Así, atopámolo en *Cantares* nos tipos I e II en alternancia co APTO irreal: —*Pois si vos foras pitüño, / Dígovos, miña velliña, / Que dese mal non morreras, / Que chiar ben chiarías.* (7, p. 14, v. 21-24; outro exemplo coas formas *voaría* e *voaría* reproducímolos nos versos citados no apartado 2.2). Aínda sendo importante o desexo de variación en certos casos, non debe pensarse que Rosalía o use só por este motivo, pois entre tódolos demais exemplos de PPTO irreal só hai outro caso de alternancia: *E nas vilas mal fixeras / Qu'á aquí facer non farías* (3, p. 16, v. 91-92). Como xa deixamos dito, Rosalía buscaba máis ben o paralelismo -RA -RA, sen fuxir de acumulacións (*Que fora de ti, meu santo, / Si naiciña non tiberas; / Quen meu fillo te limpara, / Quen á mantença che dera?* (20, p. 106, v. 135-138) nin de repeticións do mesmo verbo (*Mais si prantan ou non prantan, / Non son eu quen ó dixera, / Que fora pouca cordura, / Que fora farta llanesa.* (6, p. 38, v. 121-124).

O PPTO atopámolo tamén en construcións causais do tipo III. *Cantares*: —*Mais val que nós mires nunca, / Qu'estoncies te perderías:* (3, p. 15, v. 53-54; vid. tamén 6, p. 36-37, v. 93-96); *Follas*: *Coido d'ela noite e día, / Sin descanso nin sosego, / Qu'atopálo non podria;* (III, *Eu por vos...*, p. 106, v. 16-18; cremos que hai tamén unha relación causal, se ben non tan explícita, en III, *Era n'ó mes...*, p. 136, v. 99-122).

Do tipo IV hai tamén varios exemplos: *Cantares*: *Quen en tempo tan rápido e tan breve / Os conocidos de Vidal diria / Qu'aquela triste homilde criatura / Iba nadar en ondas de ventura?* (25, p. 140, v. 166-169; este é o único exemplo de pasado do PPTO; outros exemplos en 3, p. 13, v. 15-16; 17, p. 88, v. 41-42; 29, p. 178, v. 65-68).

Dentro do tipo V non sorprenderá que non haxa ningún exemplo con *quereria*, pois con este verbo é de uso corrente en galego o APTO; pertence a este grupo V este único exemplo: *Cantares*: —*Falas com'un abogado, / E calquera pensaria / Que deprendestes nos libros* (3, p. 17, v. 97-98).

Non é doado valora-la importancia dos factores métricos (rima, acentuación, número de sílabas) na escolla das distintas formas verbais, pero non parecen ser deter-

minantes. Hai máis dun tercio de mostras do PPTO que non están en rima, e esta proporción é aínda meirande no APTO (máis da metade dos usos irreais do APTO non están en rima en *Cantares*, máis dos dous tercios en *Follas*).

3.4. O único caso do CPTO irreal que anotamos é o seguinte: *Xan, en fin, e un Xan compreto, / D'esos qu'a cada muller / Lle conviña un pó-lo menos.* (*Follas*, IV, *Xan*, p. 186, v. 10-12). Trátase dun caso do tipo V, en que se quere dicir que efectivamente *convén*, pero dentro do mundo irreal “no caso de habelos”. É significativo o uso do CPTO neste caso, pois esta forma expresa unha seguridade e convencemento dos que carecen o PPTO, moito máis ligado á eventualidade, e o APTO, moito máis neutro neste sentido.

3.5. Comprobamos repetidas veces a constante elección da forma en -RA en prexuício do PPTO e do CPTO. Deixando á parte os casos ambiguos, de difícil interpretación, hai aínda exemplos en que Rosalía bota tamén man desta forma en contextos sorprendentes. Nun exemplo coma o que a continuación reproducimos, o APTO parece estar no canto do PPTO na súa función non irreal, co significado de futuro no Plano Inactual: *Que si á cousas mellores s'afacia / (...) / Traballo lle custara á bon seguro / Comer dempois berciñas e pan duro.* (*Cantares*, 25, p. 137, v. 101-104): “se se afacia, despois custaríalle, íalle custar”. Se nesta construción se tratase dun significado irreal, a prótase levaría en lugar do CPTO (*afacia*) o PTO SUB: “se se afixese”. Xa nos demais casos do APTO que resultan extraños non podemos pensar, como no exemplo precedente, nunha extensión do APTO a ámbitos propios do PPTO non irreal, a casos en que o PPTO non é sustituíble, por tanto, polo APTO. No seguinte exemplo: *¡Eu voumel!... mais s'ora / Delor nos ofrece / Fertuna treidora, / Jamás t'olvidara / Quen tanto t'adora / Quen tanto t'amara* (*Follas, Vivir para ver*, p. 233, v. 15-20), *olvidara* non cabe interpretalo como non irreal, mais como irreal resulta tamén sorprendente; resultaría, en cambio, normal unha forma como *olvidará*, inadmisíble pola rima e medida do verso; *amara* hai que interpretalo como pasado do Plano Inactual, nun uso “marcado”, e non raro en Rosalía, desta formá.

4.1. *O PTO irreal de Subxuntivo (andara/andase).* Como xa se dixo no apartado 1.2.2., ó que remitimos para situar adecuadamente as distintas frecuencias de aparición das formas en -RA e -SE que observamos nas obras de Rosalía, en *Cantares* hai 68 exemplos do PTO de Subxuntivo, deles 51 da forma en -RA (75%) e 17 da forma en -SE (25%). De todos estes casos, 4 ocorrencias de -RA e outras tantas de -SE son non irreais; é dicir, as proporcións de -RA respecto de -SE baixan moito no significado non irreal, algo que, como xa se dixo, entra dentro do comportamento xeral destas formas.

En *Follas* hai 61 exemplos do PTO SUB, 37 da forma en -RA (60,6%) e 24 (39,3%) da forma en -SE. Pese á medra porcentual da forma en -SE en relación cos datos de *Cantares*, a forma en -RA gaña uso, sorprendentemente, nos significados non irreais: 12 casos de -RA por 8 de -SE (60% e 40% respectivamente). É dicir, se a re-

partición global favorece máis *andase* en *Follas* ca en *Cantares*, o uso desta forma aumenta sobre todo no significado irreal (*Cantares*: 78,3% de -RA —47 casos— e 21,6% de -SE —13 casos—; *Follas*: 60,9% de -RA —25 casos— e 39% de -SE —16 casos—) e descompénsase a favor de -RA en *Follas* nos significados non irrealis. En conxunto, parécenos que os feitos apuntan a un uso pouco espontáneo e que trata de non deixar na sombra as formas en -SE, sobre todo co significado de irreal, xustamente onde o galego en xeral aparece como amplamente favorecedor das formas en -RA. Con todo, non poden absolutizarse demasiado os datos, xa que os exemplos con que contamos non son certamente numerosos.

4.1.1. A forma en -RA aparece fundamentalmente en dous contextos: no esquema *se tivera dera* e en construcións desiderativas, nestas con exclusividade.

En *Cantares* hai 12 exemplos do PTO SUB -RA (25,5% do total dos usos irrealis da forma) na construción *se tivera dera*, por só un exemplo de -SE no tipo paralelo *si tívese dera*: *Y un Dios ó mesmo demo se tornara / Si tomando á figura de banqueiro / Remexése diñeiro e mais diñeiro.* (25, p. 143, v. 215-217). En *Follas*, pola contra, as formas -RA/-SE equilíbranse máis neste tipo, pois hai 6 exemplos de *se tivera dera* e outros 2 en que na apódose vai unha forma distinta do APTO, e 2 de *se tívese dera*, máis outros 3 en que na apódose non vai o APTO (en total, 32% de *tivera* e 31,2% de *tívese*): *Si m'ó desen inda pode / Que pouco a pouco o bebera* (IV, *A probiña...*, p. 183, v. 280-281, vid. tamén III, *N'hay peor...*, p. 87, v. 163-166). Para exemplos de *se tivera dera* remitimos ó tipo I do APTO.

En oracións non condicionais, seguidas ou non do APTO (tipo II desa forma), os exemplos recollidos non son máis ca 2 en *Cantares*: *Qu'unque falar quixeras / (...) / Quisais che preguntaran* (21, p. 113, v. 139-148; para o outro exemplo, vid. tipo II do APTO).

4.1.2. En construcións desiderativas, encabezadas case sempre por *quen, se, nunca, oxalá*, a forma en -RA é a única que aparece. Hai 19 exemplos deste tipo en *Cantares* (40,4%, 4 deles en pasado) e 12 en *Follas* (48%, 2 en pasado). A construción é especialmente frecuente co tipo *¡quen fora!*, do que reunimos 5 exemplos en *Cantares* e 3 en *Follas*. Vexamos algúns exemplos: *Cantares*: *¡Meu Dios! ¡quen froliña fora, / Das d'aquelas...* (9, pp. 53-54, v. 61-62), *¡Ay quen fora riquiño un soyo dia!* (25, p. 139, v. 145; outros exemplos con *¡quen fora!*: 17, p. 89, v. 6364; 19, p. 100, v. 31-32, e v. 33-34, este de *¡quen fixera!*; con *¡quen poidera!*: 3, p. 15, v. 47-48; 33, p. 204, v. 33-34). *Follas*: *Quén fora pedra, quen fora santo / D'os qu'ali hai* (II, *Amigos vellos*, p. 63, v. 22-23; outros exemplos: IV, *En Cornes*, p. 203, v. 36; V, *Eu levo...*, p. 231, v. 27-30, este último de *¡quen me dera ser!*). Outros tipos en *Cantares*: con *se*: *Si souperas qu'estrañeza, / Si souperas que sufrir* (19, p. 99, v. 11-12; vid. tamén 24, p. 126, v. 21-22, e 35-36; 25, p. 151, v. 53-60); outros casos: *Deixo, en fin, canto ben quero...* / *¡Que pudera non deixar!* (15, p. 80, v. 27-28; vid. tamén 11, p. 60, v. 16; 28, p. 161, v. 82). En *Follas*: *¡Si as virades que valentes / S'amos tran n'a loita as nenas!*... (IV, *A probiña...*, p. 179, v. 157-158), *¡Houbera, e que*

saira!... *mais non, dentro te levo*: (III, *Nin as escuras!*, p. 92, v. 19; os demais exemplos figuran en III, *N'hay peor...*, p. 82, v. 29-30; IV, *A probiña...*, p. 184, v. 296-298; III, *Na tomba d'o xeneral...*, p. 117, v. 79-81; V, *Dend'aquí vexo...*, p. 241, v. 25-26; II, *Cada noite...*, p. 34, v. 2-5).

4.1.3. O PTO SUB -SE é, pola súa parte, relativamente abundante na construción *cal se, como se*. En *Cantares* hai 5 exemplos deste tipo con -RA (curiosamente 4 en pasado) e outros 5 con -SE (1 pasado), estes todos con *fose*: porcentualmente, os 5 exemplos de -RA representan o 10,6%, os 5 de -SE o 38,4% dentro dos significados irrealis das respectivas formas. En *Follas* hai só un exemplo con -RA e 8 (50%) con -SE, 6 deles en pasado. Exemplos de *Cantares*: *Por eso se derretían, / Cal si foran de manteiga* (6, p. 38, v. 139-140; outros casos: 6, p. 34, v. 35-36; 17, p. 88, v. 29-30; 20, p. 104, v. 71-72; *A gaita gallega*, p. 172, v. 61); *Qu'abofé qu'en todo pican / Como si fosen pementa*. (20, p. 37, v. 107-108; vid. tamén 6, p. 34, v. 20-21; 6, p. 41, v. 210-212; 16, p. 85, v. 48; 24, p. 126, v. 41-42). Exemplos de *Follas*: *Oyeuse un-ha carcaxada / Cal si d'o inferno saira*: (V, *No craustro*, p. 243, v. 37-38); *Pesaba en min á tristeza / Cal se m'enterrasen viva* (III, *Tristes recordos*, p. 128, v. 53-54; vid. tamén I, *Follas Novas...*, p. 6, v. 1-4; III, *Era n'o mes...*, p. 135, v. 69-70 e 74-75; IV, *O encanto...*, p. 194, v. 134-135; IV, *San Lourenzo*, p. 207, v. 21-22; V, *O sol fun...*, p. 245, v. 3-4; V, *As Torres*, p. 257, v. 95).

4.1.4. En construcións distintas das mencionadas, isto é, co PTO SUB en contexto de mundo irreal xa creado, en oposición e alternancia, por conseguinte, co Indicativo, as mostras de -RA e -SE están bastante equilibradas entre delas: en *Cantares* hai 9 exemplos (2 pasados) de -RA e 6 de -SE (1 pasado); en *Follas* 3 e 3 respectivamente: *Cantares*: *Con mil amores chá dera / (...)* / *Hastra que mais non quixeras* (20, p. 101, v. 6-8), *Eu ben quixera, é verdade, / Que mais boniteiras foran, / Eu ben quixera que nelas / Bailase ó sol e' as palomas / (...)* / *Que nelas craras se visen* (35, p. 213-214, v. 13-19; outros exemplos de -RA e -SE en 17, p. 90, v. 73-76; 20, p. 102, v. 39-40; 23, p. 122, v. 30-34; 21, p. 113, v. 139-148; 20, p. 105, v. 107-110; 3, p. 17, v. 104-109). *Follas*: *A todos... ¡ay! quixera / Que así á sorte o fixera* (III, *Era n'o mes...*, p. 133, v. 19-20; vid. tamén III, *Na tomba...*, p. 116, v. 45-48; IV, p. 183, v. 280-281); *Qu'esta noite tan grande non fora / Que durase... e durase* (II, *Cada noite...*, p. 34, v. 2-3; tamén II, *Lua descolorida*, p. 65, v. 3-4).

4.2. No que levamos dito viñemos tratando de diferenciar entre usos pasados e non pasados. Dunha recapitulación numérica resulta que hai 17 usos pasados do APTO irreal en *Cantares* (23,9%) e 15 en *Follas* (35,7%); 12 do PTO SUB irreal en -RA e 4 de -SE (25,5% e 30,7% respectivamente) en *Cantares*, e 4 (16%) e 6 (37,5%) de -RA e -SE respectivamente en *Follas*. En todos estes casos, Rosalía válese sempre, de acordo co uso galego xeral, das formas simples, pero por 2 veces usa *houbera* + participio. Nun deses exemplos trátase do APTO irreal: *¡A quen que fose de muller nacido, / A que mortal criatura / N'a houbera contrubado e seducido?* (*Follas*,

IV, *O encanto...*, p. 194, v. 127-129). No outro exemplo temos un PTO SUB irreal: *¿Por que aló foches, meu ben? / Nunca tal houberas feito!* (*Cantares*, 28, p. 161, v. 81-82).

En vista da situación no galego actual e do seu propio uso xeral, hai que convir en que se trata de castelanismos, deixando a un lado que fora ou non consciente deles a mesma Rosalía, e que os utilizara ou non con intencións estilísticas. Máis sorprendente cós casos mencionados, por máis innecesarios, son aínda outros 3 exemplos de *houbera* + participio co significado do APTO non irreal, isto é, pasado no Plano Inactual. Todos se achan en *Follas: Gustar d'a froita que coidad'houbera!* (III, *Na tomba...*, p. 114, v. 11); *Retorcerons'as ondas po-la area / Incitand'ò coitado / A dar fin á pelea / Que houbera n'ò seu peito encomezado* (III, *Era n'ò mes...*, p. 135, v. 88-91); *Por eso dand'ò olvido / As penas que m'ouberan consumido / Dendes de que nacera / Via á terra y ó ceo, cor d'esperanza* (IV, *O encanto...*, p. 190, v. 23-26).

4.3. En resume, aínda que a estrutura *se tivera dera* segue sendo importante e o uso de -RA mantén a exclusiva nos enunciados desiderativos, compróbase un certo aumento de -SE en *Follas*, sobre todo na construción *cal se* e mais en condicionais con *se*. Para mellor comproba-las tendencias de Rosalía respecto do uso de -RA e -SE, fixemos unha lectura dos prólogos de *Cantares* e *Follas*, co resultado de 4 exemplos de -SE en cada unha das obras por ningún de -RA. No seu libro en castelán *En las orillas del Sar* hai 9 exemplos de -RA (deles, 8 irreais) e igual número de -SE (deles, 5 irreais). En tódolos casos se constata un esforzo de Rosalía en contra dunha merma forte da forma en -SE; cremos que este esforzo resulta aínda máis confirmado polos seus propios usos erróneos. No exemplo seguinte, *Y un Dios ó mesmo demo se tornara / Si tomando á figura de banqueiro / Remexése diñeiro e mais diñeiro* (*Cantares*, 25, p. 143, v. 215-217) a forma *tornara*, correcta, está posta en lugar dun anterior e primitivo *tornase*, como indica claramente a rima con *comprace* e *nace*; esa forma *tornase* sería certamente incorrecta, pois a construción esixe aí o Indicativo (*tornara, tornaría, tornaba*). Tamén no seguinte exemplo encontramos unha igualación falsa entre a forma en -RA do APTO irreal coa forma en -RA do PTO SUB, só esta substituíble por -SE:

—Mais en tanto ti dormias
 Contenteime con mirarte,
 Qu'asi sorrind'entre soños
 Coidaba qu'eras un anxel,
 E non con tanta pureza
 O pé d'un anxel *velase*. (*Cantares*, 4, p. 23, v. 43-48)

Aquí *velase* está por *velara* en canto APTO irreal, substituíble á súa vez por *velaría* e mesmo *velaba*: "mireite, veleite, e non *velaría* (velara, velaba) con tanta pureza ó pé dun anxo". Tamén neste caso o tipo de oración en que vai *velase* esixe necesariamente o Indicativo. Temos, pois, que Rosalía, carente dun sentido claro das posibilidades e límites do PTO SUB -SE, e quizás levada ó tempo do desexo de non deixala esquecida, igualouna falsamente a -RA en casos en que esta última era de Indicativo.

Evidentemente, o salto estaba facilitado por tratarse de significados irrealis, contextos en que as formas en -RA e -SE, tratándose da creación dese mundo irreal, alternan libremente. Este proceder de Rosalía non é nela un caso aillado; dentro do propio verbo atopamos algo semellante no Futuro de Subxuntivo. Os tres exemplos que anotamos en *Cantares* e cando menos a metade dos 16 recollidos en *Follas* son usos erróneos desta forma verbal.

5. Parece lexítimo, despois deste recorrido, acabar concluíndo que en Rosalía hai un certo desexo de utilizar marcadamente as posibilidades de escolla entre as diferentes formas verbais ofrecidas polo sistema verbal galego, tanto na expresión da irrealidade no Indicativo coma no Subxuntivo.

Esta conclusión permite enlazar, á súa vez, cun par de problemas que non faremos máis ca esbozar. Rosalía, pola calidade innegable da súa obra, é un fito na historia da *lingua* galega. Rosalía rompe tanto nos temas coma no seu tratamento poético con certas prácticas costumistas e apegadas ó localismo, vulgarizadoras, que mantiñan a literatura galega nunha posición secundaria e folclórica respecto da castelá, concebida esta por eses autores como "verdadeira literatura". Estas limitacións non o eran propiamente da literatura, senón do seu vehículo expresivo, eran límites que estes autores lle impoñían ideoloxicamente ó galego. Non concebían o galego como unha lingua (literaria) plena e polo tanto tampouco era unha literatura plena a que o idioma expresaba. Contra esta concepción, a obra poética de Rosalía sitúa de súpeto a literatura galega á par doutras literaturas nacionais, sitúa de golpe o galego, na poesía, no mesmo plano, por exemplo, có castelán. Rosalía defende na práctica, e é de prácticas que estamos falando, unha concepción do galego como lingua literaria (poética) plena, ilimitadamente apta. E o seu esforzo, a creación dunha tradición literaria galega, encontrará eco e continuación nos grandes escritores galegos que a sucederon.

Mais todo isto non sen que a propia práctica de Rosalía mostre algunhas contradicións na súa concepción do galego. Por unha banda está a cuestión do cambio de lingua de *Follas Novas* a *En las orillas del Sar*, sen esquecermos ademais que usa o galego só na poesía. Por outra banda está a cuestión do tipo de lingua empregado, do tipo de galego que defende. Na escolla das formas verbais irrealis constatamos unha certa preocupación polas formas lingüísticas empregadas, aspecto en que de certo non foi historicamente a primeira dentro da literatura galega. Os mesmos usos abusivos de certas formas mencionadas máis arriba confirman esa preocupación. Que, e velai o problema, contrasta ó tempo coa aparición de castelanismos (como é sabido, non limitados ós aquí sinalados para o verbo) en coexistencia coas formas propiamente galegas dentro da súa obra escrita nesta lingua.